

CEIP COIRÓN-DENA

PROXECTO DE XORNADA ÚNICA

CURSO 2016-2017

## ÍNDICE

DATOS DO CENTRO.....	PAX.....	3
XUSTIFICACIÓN.....	PAX.....	3
REQUISITOS.....	PAX.....	4
OBXECTIVOS.....	PAX.....	4
PLAN DE FUNCIONAMENTO.....	PAX.....	5
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	PAX.....	6
UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS.....	PAX. ....	7
RELACIÓN COAS FAMILIAS.....	PAX.....	8
AVALIACIÓN .....	PAX. ....	8

# PROXECTO XORNADA ÚNICA

---

---

## PROXECTO PARA A SOLICITUDE DA XORNADA ÚNICA

### DATOS DO CENTRO

Nome do Centro: CEIP COIRÓN –DENA

Código: 36004691<sup>a</sup>

Enderezo: Rúa dos Colexios nº 6 Dena  
36967- Meaño (Pontevedra)

Tel: 986 743247

Fax. 986 743247

Correo electrónico: ceipcoirondena@edu.xunta.es

Páxina web: <http://centros.edu.xunta.es/ceipcoirondena/>

Niveis Educativos: EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

Número de alumnos escolarizados: ..... 273

Número de alumnos transportados:..... 144

Número de alumnos usuarios de comedor.....59

Censo de Familias: ..... 223

### XUSTIFICACIÓN

Entre o membros desta comunidade educativa, despois de recoller as opinións tanto do profesorado como das familias e de contar coa valoración positiva da xornada que se imparte no centro, que practicamente é continuada, xurde a inquedanza de incorporar este tipo de xornada no noso centro, para o que presentamos este proxecto que agardamos sexa ben acollido por todos/as.

# PROXECTO XORNADA ÚNICA

---

---

## **REQUISITOS**

1. Acordo do consello escolar, por maioría dos tres quintos dos seus membros.
2. Acordo do claustro de profesoras e profesores por maioría dos tres quintos dos seus membros.
3. Informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial.
4. Acordo favorable do 58 % do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado. Para os efectos de establecer o total do censo, computaranse a nai ou o pai ou un dos titores legais do alumnado da etapa en que se pretende cambiar a xornada.
5. Plan específico de actividades extraescolares

## **OBXECTIVOS**

### OBXECTIVO XERAL:

- Acadar unha mellor calidade de vida dos distintos sectores da comunidade educativa.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

#### Con referencia ó alumnado:

- Mellorar o rendemento académico do alumnado.
- Facilitar a adquisición de hábitos e rutinas de estudo, así como de organización e planificación do tempo de lecer.
- Posibilitar que o alumnado dispoña de máis tempo libre para adicar a certos traballos extraescolares de lectura, busca e recollida de datos e materiais e tamén para actividades lúdicas ou deportivas, o xogo, a convivencia familiar, o descanso...
- Fomentar o uso da biblioteca .
- Facilitar un meirande aproveitamento dos recursos dos que dispón o centro coa apertura da biblioteca e o acceso as novas tecnoloxías das que esta dispón.
- Favorecer a implantación dos programas de reforzo da Consellería no alumnado con necesidades educativas (Contratos- programa).
- Posibilitar o descanso do alumnado máis pequeno despois de xantar.

#### Con referencia ás Familias:

- Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral.
- Propiciar o desenrolo dunha cultura do ocio tan necesaria hoxe en día, concienciando ós rapaces/as, coa axuda da familia, da necesidade de compatibilizar tempo de traballo e de lecer.
- Igualar o horario do centro cos outros colexios do concello.

# PROXECTO XORNADA ÚNICA

---

---

Con referencia ó profesorado:

- Mellorar a coordinación pedagóxica.
- Facilitar a formación permanente do profesorado.

## PLAN DE FUNCIONAMENTO

GARANTIRASE :

1. As 5 horas lectivas.
2. O funcionamento do servizos ofertados na actualidade: Comedor Escolar, Transporte Escolar, Actividades Complementarias- Extraescolares ofertadas pola ANPA e o CONCELLO.
3. O normal funcionamento do Centro: reunións de nivel, xuntanzas de Equipos e Departamentos, así coma a atención a pais/nais/ titores legais.

A organización do centro no relativo ó agrupamento do alumnado, organización do profesorado por departamentos e equipos, tempos de recreo e saídas escolares, non sofre ningún tipo de alteración co cambio da xornada polo que , no desenrolo da PXA do curso 2016-2017 as variacións nestes eidos serán aquelas que veñan dadas pola mobilidade do profesorado e polos criterios establecidos para a programación das saídas escolares.

HORARIO LECTIVO:

### **Para o alumnado:**

O horario de docencia directa co alumnado será de luns a venres ámbolos dous inclusive, **de 8:45 a 13:45 horas.**

A distribución horario deste tempo será a seguinte:

1ª sesión.....	8:45 – 9:35
2ª sesión.....	9:35 – 10:25
3ª sesión.....	10:25 – 11:15
RECREO.....	11:15 – 11:45
Hora de ler.....	11:45 –12:15
4ª sesión.....	12:15 – 13:00
5º sesión.....	13:00 – 13:45

En E. Infantil a xornada lectiva repartirase ó longo da mañá segundo criterio do profesorado da etapa, tendo en conta as necesidades dos /as alumnos/as, distribuíndo os espazos lectivos e lúdicos en función das programacións curriculares. O horario de recreo coincidirán no inicio co de E. Primaria pero prolongarase dez minutos máis.

# PROXECTO XORNADA ÚNICA

---

---

## Para o profesorado:

- O profesorado terá o mesmo horario lectivo que o alumnado
- Realizara gardas de transporte segundo as quendas que se establezan ó inicio de cada curso escolar.
- Completará o seu horario en sesións de tarde:

**Todos os MARTES , de 16:00 a 19:00** de acordo a seguinte organización:

HORARIO	ACTIVIDADE
16:00-17:00	ATENCIÓN A PAIS/NAIS
17:00-18:00	REUNIÓNS COMISIÓNS CICLOS
18:00-19:00	OUTRAS REUNIÓNS-CLAUSTROS

- Estableceranse quendas de mestres/as de xeito que **todos os días** haberá no centro profesorado que ostentarán a representación oficial do Centro e manterán en funcionamento a biblioteca que estará a disposición do alumnado. O horario será de **16:00 a 18:00** de outubro a xuño.  
A relación nominal destas quendas establecerase no mes de setembro, unha vez que estea fixada a plantilla para o curso.

HORARIO DE COMEDOR: O horario de comedor será de 13:45 a 16:00.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Distinguiremos entre actividades complementarias e actividades extraescolares.

As actividades **complementarias**, que se realizan durante a xornada lectiva, serán as mesmas que se veñen desenrolando coa xornada partida e que están especificadas en cada curso na PXA segundo os criterios que establece o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

As actividades **extrescolares** estarán entendidas como actividades abertas e de interese para todo o alumnado sen que interfiran no proceso educativo, teñan carácter voluntario e non discriminatorio por ningún motivo nin razón.

O centro en colaboración coa ANPA , o concello de Meaño e outras institucións culturais e deportivas proxecta establecer as seguintes:

Propostas polo centro

## PROXECTO XORNADA ÚNICA

---

---

- **Biblioteca escolar:** funcionará baixo a supervisión do profesorado todos os días lectivos de 16:00 a 18:00 agás os martes Neste tempo o alumnado poderá consultar libros, revistas , enciclopedias e terá acceso a ordenadores con conexión a internet.

### Propostas pola ANPA

Serán similares ás ofertadas no curso actual e dependerán das solicitudes dos alumnos/as e da dispoñibilidade dos monitores e monitoras. Poderían ser:

- Taekwondo
- Inglés

### Propostas polo concello

- Escola de Música
- Tenis

### Propostas por Asociacións Culturais ou deportivas

- Fútbol
- Balonmán
- Baile rexional

### Coordinación e seguemento do proceso:

Periodicamente , nunha reunión conxunta de representantes da ANPA e do Equipo Directivo, farase un seguemento das actividades que se realizan para confirmar que o desenvolvemento das mesmas se axusta ao que figura no PEC e na PXA e , de non ser así, introducir os mecanismos correctores que sexa preciso.

## **PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO**

### **NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

- O alumnado participante nas actividades extraescolares deberá acceder ao centro acompañado do monitor/a que imparte a actividade e non deambularán polo centro sen control.
- Utilizarán os baños máis próximos á aula na que se imparte a actividade.
- Cando remate a sesión deberán deixar a aula no mesmo estado no que a atoparon e saír todos xuntos acompañados polo monitor/a.
- Será un representante da ANPA ou do Concello( conserxe ) o encargado de abrir e pechar as portas de acceso, previa comprobación de que non queda ninguén dentro.

## PROXECTO XORNADA ÚNICA

---

---

- O acceso ó centro para as actividades extraescolares farase pola porta exterior da biblioteca ou pola cancela do patio e o tunel, segundo a ubicación da actividade.
- En todo caso, como normal xeral, tratarase de facer o menor percorrido posible e de evitar a deambulacón do alumnado polos corredores.
- Os pais/nais do alumnado participante nas actividades agardará a que os/as alumnos/as saian da actividade no patio ou no xardín da biblioteca, nunca na porta da aula.
- En caso de accidente ou imprevisto establecerase contacto telefónico para que a familia poida acceder ó centro.

### RELACIÓN COAS FAMILIAS

Somos conscientes da importancia da colaboración dos pais/nais dos escolares do centro no labor educativo e pensamos que a relación directa cos/as titores/as dos seus fillos/as é moi beneficiosa para un mellor rendemento académico e unha mellor formación integral do alumnado. Co fin de manter esta colaboración estableceuse a hora de atención a pais /nais/titores os martes pola tarde , sen perxuízo de que previa comunicación ó/á mestre/a se poida establecer en calquera outro momento en función da dispoñibilidade horaria do profesorado.

### AVALIACIÓN

Realizaríase en xuntanzas co Claustro e Consello escolar tendo como referencia os seguintes **criterios**:

- Rendemento académico do alumnado.
- Fatiga do alumnado e profesorado.
- Incidencia sobre a vida familiar.
- Aumento- diminución da participación nas actividades extraescolares.
- Incidencia sobre outros servizos educativos da localidade: Escolas Deportivas, Escola de Música, ,....
- Niveis de aceptación e grado de satisfacción dos colectivos implicados (familias, alumnado e profesorado).
- Organización do Centro.

Toda a información será recollida por escrito para o seu análise (Equipo Directivo, Claustro de Profesores e Consello Escolar), utilizando os seguintes **procedementos**:

- Observación directa nas sesións de traballo.
- Análise obtido polos diferentes sectores da Comunidade Educativa.



## PROXECTO XORNADA ÚNICA

---

---

- Recollida de opinións dos protagonistas mediante a autoanálise e as sesións de seguimento cos monitores e responsables das actividades extraescolares.

Compre dicir que este non é un proceso inalterable e que no caso de ter unha avaliación negativa, sempre é posible volver á xornada partida (solicitando un novo cambio de horario e iniciando de novo o proceso inverso).